

Adaptación da programación 2019/2020

**CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
DATA: 12/05/20**

ÍNDICE

1. ÁREAS DE CIENCIAS, LINGUAS, MATEMÁTICAS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

2. ÁREA DE INGLÉS.

3. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

4. ÁREA DE MÚSICA.

5. ÁREA DE PLÁSTICA: ARTS

6. ÁREA DE RELIXIÓN.

ADAPTACION DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Centro: Ceip Apóstolo Santiago

Curso: 2º Curso de Educación Primaria.

Materias: Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, valores sociais e cívicos, ciencias sociais e ciencias naturais.

Data: 12 de maio do 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información.**

| Lingua Galega en 2º | |
|--|--|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avalaiables e competencias |
| LG-B1.5-Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | 2º-LGB1.5.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. [CCL CSC CAA] 2º-LGB1.5.5-Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. [CCL CSC CCEC] |
| LG-B1.6-Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | 2º-LGB1.6.1-Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. [CCL CAA] |
| LG-B1.9-Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | 2º-LGB1.9.1-Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. [CCL CSC] 2º-LGB1.9.2-Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. [CCL CSC] |
| LG-B2.2-Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. | 2º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. [CCL CAA CSC CSIEE CMCT] |
| LG-B2.3-Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatizada cando é preciso | 2º-LGB2.3.1-Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. [CCL CAA] 2º-LGB2.3.2-Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. [CCL] 2º-LGB2.3.3-Fai lecturas dramatizadas de textos. [CCL] |
| LG-B3.1-Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola. | 2º-LGB3.1.1-Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitationes, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. [CCL CSIEE CAA] 2º-LGB3.1.2-Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. [CCL CAA CSIEE] 2º-LGB3.1.3-Usa nos seus escritos o punto, a coma, signos de exclamación e interrogación. [CCL] 2º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. [CCL CSC CCEC] 2º-LGB3.1.5-Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola |

| | |
|---|---|
| | (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia. [CCL CAA CSIEE] |
| LG-B3.4-Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. | 2º-LGB3.4.1-Illustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. [CCL CD CSIEE] |
| LG-B4.1-Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | 2º-LGB4.1.1-Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, enunciados, palabras e sílabas. [CCL CAA] 2º-LGB4.1.2-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. [CCL CAA] 2º-LGB4.1.3-Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. [CCL CAA] 2º-LGB4.1.4-Sinala o xénero e número de palabras dadas [CCL CAA] |
| LG-B5.1-Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos | 2º-LGB5.1.1-Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. [CCL CAA CCEC] |
| LG-B5.3-Recrear e compoñer poemas sinxelos e breves relatos a partir de modelos sinxelos dados | 2º-LGB5.3.1-Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. [CCL CCEC CSC] |
| LG-B5.4-Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | 2º-LGB5.4.1-Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. [CCL] |
| LG-B5.6-Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | 2º-LGB5.6.1-Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. [CCL CCEC] |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliáveis |
|---|---|
| LC-B1.5-Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | 2º-LCB1.5.1-Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. [CCL CAA] 2º-LCB1.5.2-Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos. [CCL CAA] |
| LC-B1.6-Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. | 2º-LCB1.6.1-Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. [CCL CD CAA] 2º-LCB1.6.2-Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. [CCL CD CAA CSC] |
| LC-B1.8-Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís. | 2º-LCB1.8.1-Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática. [CCL] |
| LC-B1.9-Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa. | 2º-LCB1.9.1-Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas. [CCL CAA CSIEE] 2º-LCB1.9.2-Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental. [CCL CAA CSIEE] |
| LC-B1.10-Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | 2º-LCB1.10.1-Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. [CCL CSC] |
| LC-B2.1-Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil. | 2º-LCB2.1.1-Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. [CCL] 2º-LCB2.1.2-Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil. [CCL] |
| LC-B3.1-Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. | 2º-LCB3.1.1-Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios [CCL CD CAA] |
| LC-B3.5-Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas | 2º-LCB3.6.1-Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos. [CCL CD |

| | |
|---|--|
| produción. | CAA] |
| LC-B4.1-Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer | 2º-LCB4.1.2-Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. [CCL] |
| LC-B4.4-Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | 2º-LCB4.4.1-Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. [CCL] 2º-LCB4.4.2-Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. [CCL] |
| LC-B5.2-Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | 2º-LCB5.2.1-Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. [CCL CAA CCEC] |
| LC-B5.5-Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas. | 2º-LCB5.5.1-Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. [CCL CAA CSIEE CCEC] |
| LC-B5.7-Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade. | 2º-LCB5.7.1-Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade. [CCL CAA CCEC CSC] |
| LC-B5.8-Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | 2º-LCB5.8.1-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. [CCL CSC CCEC] |

Valores Sociais e Cívicos en 2º

Critérios de avaliación

Estándares de aprendizaxe avaliábeis.

| | |
|--|---|
| <p>VSC-B1.5-Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común</p> | <p>2º-VSCB1.5.1-Participa con interese na resolución de problemas escolares. [CSIEE CSC]</p> <p>2º-VSCB1.5.2-Define e formula claramente problemas de convivencia. [CSC CCL]</p> |
| <p>VSC-B2.1-Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal</p> | <p>2º-VSCB2.1.1-Expresar con claridade sentimentos e emocións. [CCL]</p> <p>2º-VSCB2.1.2-Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. [CAA CSIEE]</p> <p>2º-VSCB2.1.3-Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. [CCL CSC]</p> |
| <p>VSC-B3.5-Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.</p> | <p>2º-VSCB3.5.1-Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. [CSC CCAC]</p> <p>2º-VSCB3.5.2-Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. [CSC CL CSIEE]</p> <p>2º-VSCB3.5.3-Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. [CSC]</p> |
| <p>VSC-B3.6-Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.</p> | <p>2º-VSCB3.6.1-Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. [CSC CCL]</p> <p>2º-VSCB3.6.2-Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo [CSC CSIEE]</p> |

Matemáticas 2º

Crterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe avaliábeles

| | |
|--|---|
| <p>MT-B1.2-Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.</p> | <p>2º-MTB1.2.1-Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. [CMCT CAA]</p> |
| <p>MT-B2.1-Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.</p> | <p>2º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 499. [CMCT CCL]</p> <p>2º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. [CMCT CAA]</p> <p>2º-MTB2.1.3-Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes [CMCT CAA]</p> |
| <p>MT-B2.2-Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p> | <p>2º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais. [CMCT]</p> <p>2º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. [CMCT CAA CCL]</p> <p>2º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. [CMCT]</p> <p>2º-MTB2.2.4-Identifica os números pares e os impares. [CMCT]</p> |
| <p>MT-B2.3-Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p> | <p>2º-MTB2.3.1- Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. [CMCT CAA]</p> <p>2º-MTB2.3.3-Resolve operacións con cálculo mental. [CMCT CAA]</p> |
| <p>MT-B2.4-Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p> | <p>2º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. [CMCT CAA]</p> |
| <p>MT-B3.4-Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as</p> | <p>2º-MTB3.4.1-Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) [CMCT]</p> |

| | |
|--|---|
| súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | |
| MT-B3.6-Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | 2º-MTB3.6.1-Resolve problemas sinxelos de medida. [CMCT CAA] 2º-MTB3.6.2-Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. [CMCT CAA CSIEE] |
| MT-B4.2-Nomear un polígono segundo o seu número de lados. | 2º-MTB4.2.1-Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. [CMCT CAA] |
| MT-B5.1-Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas? comunicando a información. | 2º-MTB5.1.1-Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. [CMCT CAA] 2º-MTB5.1.2-Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. [CMCT CAA] |

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| 1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado | 1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades |
| 1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas | 1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. |
| 2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | 2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. |
| 2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana,analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provocan a conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | 2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. |
| 3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | 3.1.1 - Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. |
| 3.5.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. | 3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. |
| 3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e persoas e como persoa usuaria de medios de transporte. | 3.8.2 - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. |
| 4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | 4.3.2 - Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. |

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe avaliáveis |
|---|---|
| B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisión |
| B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais . |
| B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. | CNB2.2.1. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde . |
| B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. |
| B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable | CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. |
| B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--------------------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Observación sistemática</p> <p>Análise das súas producións</p> |
| | <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbrica</p> <p>Escala de valoración</p> <p>Lista de control.</p> <p>Textos escritos e resolución de exercicios.</p> |
| Cualificación final | <p>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma:</p> <p>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redóndese a esa unidade.</p> <p>O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.</p> <p>Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .</p> <p>Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos que se establecían na programación e que se deron durante o primeiro e o segundo trimestre.</p> |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Traballo de recuperación: 40%</p> <p>Actitude: 60%</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|---|
| Actividades | <p>As actividades que se están levando a cabo tentan seguir unha liña común nas diferentes áreas que entronque coa liña común xeral das actividades que se formulan a nivel centro e que busquen o desenvolvemento competencial do alumnado. Buscan promover o traballo interdisciplinar á par que dar continuidade na aprendizaxe de aqueles criterios e estándares mínimos que se establecen no Decreto 105/2014 para o 2º curso da educación primaria.</p> <p>De maneira xeral preséntaselle un horario semnal con dúas tarefas diarias de dúas materias diferentes. Estas tarefas son a veces exercicios ou actividades para practicar algunha habilidade, xogos interactivos, sopas de letras, textos (explicativos, contos, descricións, noticias...), vídeos..</p> <p>De maneira específica o alumnado que precisa apoio ou recuperación ten un seguemento particular e envíase material complementario de reforzo, de repaso ou recuperación como fichas, ou pautas para realizar traballos manipulativos.</p> <p>Todo isto a través da aula virtual e do correo electrónico.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Segundo as intrucións recibidas pola consellería sobre a procura da aprendizaxe competencial do alumnado deseñáronse as seguintes estratexias metodolóxicas para dar continuidade ao proceso de crecemento formativo e persoal do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tareas lúdico- educativas que busquen o desenvolvemento competencial do alumnado e que entronquen cunha metodoloxía activa, tal e como se seguía na aula. • Centrar as tarefas nunha temática semanal que sexa do interese do alumnado e que permita seguir coas conmemoracións do ciclo. • Organización semanal de dúas tarefas por día de dúas materias diferentes. • Organización quincenal de videochamadas en grupos para continuar co proceso de tiorización. <p>Para as persoas que non dispoñen de conectividade dende o colexio estáselles enviando por correo ordinario as tarefas e as titorías fanse a través do teléfono.</p> |
| Materiais e recursos | <p>Ordenador, genially, canva, textos online, libros de lectura, libros de texto, correo electrónico, buscadores, portais educativos, plataforma cisco webex, blogs de centro e da biblioteca.</p> |

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

As familias e o alumnado poderán atopar **información xenérica**, relacionada coas mensaxes ou tarefas xerais (que afectan a todo o alumnado do cole) na:

1. P á x i n a w e b d o c e n t r o :
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapostolosantiago/>
2. No instagram do centro:
Ceip_apóstolo_santiago
3. No blog da biblioteca do centro:
<https://biblioteca-vagalume.blogspot.com/>
4. Correo electrónico do centro:
Colexio: ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.gal

De maneira específica, as alumnas e alumnos de 2º curso de educación primaria e as súas familias reciben información concreta tanto de comunicados como das trarefas a través dos seguintes medios:

1. Plataforma **Class Dojo** (con autorización familiar). Dende principio de curso nesta plataforma tiñamos un blogue de aula no que se ía contando as tarefas e as cousas que acontecían ao longo das semanas. Tamén ten un sistema de mensaxería directa co alumnado no que todas as alumnas e alumnos da aula están conectadas. A través de esta plataforma envíaselle unha planificación semanal das tarefas que deben relaizar e que se atopan colgadas na aula virtual. Facilitánselle 2 tarefas por día cada unha de unha materia diferente. Esta organización é unha planificación que está aberta a cambios segundo as necesidades de cada familia.
2. **Abalar Móbil**, mediante o cal se fixo chegar ás familias o resultado das cualificacións finais do segundo trimestre, alén de instrucións urxentes ou varios comunicados. Será a plataforma que se use para achegar as cualificacións finais.
3. **Aula virtual**. Que se puxo en funcionamento en pleno confinamento como medio máis idóneo para achegar as tarefas das distintas mestras e mestres ao alumnado. A aula virtual organízase en materias e cada mestra colga unha tarefa (é dicir unha actividade que busca promover o desenvolvemento competencial do alumnado e dar continuidade na aprendizaxe) semanalmente.
4. **Correos electrónicos corporativos** dos diferentes membros do equipo docente:
martaoterogarcia@edu.xunta.gal
5. **Chamada ou Whatsapp** persoal da titora:
Para aqueles casos que non poden conectarse a través da aula virtual por falta de datos ou por falta de medios.
6. **Correo ordinario** para aquelas persoas que teñen dificultades para conectarse.
7. **Cisco Webex**. Usada para impartir conferencias e para darlle continuidade ao desenvolvemento persoal e social do alumnado. O obxectivo principal é que se manteñan en contacto coas da súa aula.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:
DEPARTAMENTO:DATA
:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| | | |
|--|---------------|--|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 | PÁXINA 1 DE 5 | CENTRO:Ceip Apóstolo Santiago CURSO: 2ºE.P. MATERIA:Lingua estranxeira (Inglés) |
|--|---------------|--|

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. (CL) (0'75) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. (CL) (0'75) |
| <ul style="list-style-type: none"> • B1.2. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. (CL) (CAA) (1) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...). (CL) (1) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). (CL) (0'75) |
| <ul style="list-style-type: none"> • B2.3. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. (CL) (0'75) • PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. (CSC) (0'75) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. (CL) (1'5) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. (CL) (1'5) |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. | <ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos pro- |

| | |
|--|--|
| | pios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. (CL) (CAA) (CSC) (1'25) |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

| | |
|---|---|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Observación diaria (seguimento do alumnado), tarefas escritas tanto para o alumnado cunha media de aprobado nas dúas primeiras avaliacións coma para aqueles que non. Si presentan tarefas durante este 3º trimestre a súa calificación sería de aprobado. Contacto habitual co alumnado.</p> <p>Instrumentos: aula virtual, correo electrónico, video-conferencias (webex). Whatsapp. Rúbricas.</p> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.</p> <p>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redóndese a esa unidade.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | |
| | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os mencionados no primeiro apartado, para o alumnado que non teña aprobado de media nas dúas primeiras avaliacións mandarei material extra de reforzo para recuperar a materia.</p> |

| | |
